

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

6.- **Especies:** As especies obxecto de captura serán a *nécora* –tendo en conta e respectando sempre os períodos de veda vixentes- e o *camarón*. As especies de peixes e crustáceos acompañantes deben estar en época de extracción e superar a talla mínima.

De xeito xeral, queda expresamente **prohibida** a captura do polbo por dentro das liñas de referencia do Anexo III establecidas no devandito Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, con calquera arte, incluída a pesca recreativa. Non obstante, autorizarase o pase e o transporte polo Anexo III con exemplares de polbo capturados fóra desde Anexo.

Nas demais zonas non se poderá superar o 10% do tope máximo establecido no Plan experimental para a xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) con nasa para a campaña 2014-2015 (35 kg) por embarcación e día como especie accesoria.

7.- **Balizamento:** Os extremos ou cabeceiras de cada unha das caceas que se manteñan caladas deberán ser balizadas e identificarse axeitadamente indicando de forma clara e visible a matrícula e o folio da embarcación, así como a letra «N». Para estas balizas, a consellería competente en materia de pesca proporcionará **etiquetas con chip RFID** integrado para o seu uso no medio mariño. A Consellería ditará as instrucións precisas para a colocación e control destas etiquetas con chip.

Ademais, todas as nasas deberán levar visible unha **etiqueta codificada e seriada** entregada pola consellería competente en materia de pesca. A Consellería ditará as instrucións precisas para a colocación e control destas etiquetas.

8.- **Puntos de control e venda:** Zonas de pesca, portos, centros de descarga, lonxas e centros de venda autorizados.

9.- **Control e seguimento da actividade pesqueira:**

a) **Despachos telemáticos.**- Deberán despachar as embarcacións no apartado de adhesión a plan de explotación: ["NASA NÉCORA E CAMARÓN (15K) PLAN EXPERIMENTAL XESTIÓN NÉCORA+CAMARÓN –Nocturno-2014↔2015 Modalidade A (C.A.GALICIA)"].

